



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 17 DE OUTUBRO DE 2016

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as dezoito horas do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permy, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino Trigo Rey, representante do Concello de Fene.
- Concello de Mugarzos: Pilar Díaz Otero, alcaldesa.
- Concello de Narón: José Manuel Blanco Suárez, alcalde de Narón.
- Concello de Neda: Angel Álvaro Saavedra, alcalde de Neda.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, alcalde de Valdoviño.

Asistidos polo Secretario Leopoldo Moure García, polo Interventor Manuel Roel Hernández-Serrano, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Colaboración co Concello da Coruña para a definición da xestión mancomunada das augas residuais (asistencia do Director Xeral e o Director Técnico de EMALCSA).

O desenvolvemento deste punto aprázase ao final da sesión para permitir ausentarse para atender outras ocupacións aos alcaldes de Cabanas, Cedeira e Valdoviño, cuxos concellos non se encontran directamente afectados por este asunto.

Os membros do pleno dan a benvinda ao Director Xeral de EMALCSA, Jaime Castiñeiras, e ao Director Técnico, José Manuel Orejón..

O Presidente expón a necesidade de definir a través dos estudos oportunos as condicións para a xestión mancomunada das augas residuais, que comprende a xestión da EDAR de Cabo Poriño, a xestión do sistema de colectores-interceptores da marxe norte da Ría de Ferrol e a xestión do sistema de colectores-interceptores da marxe sur da Ría de Ferrol, para o cal se solicita a colaboración de EMALCSA (Empresa Municipal de Aguas da Coruña).

Delibérase sobre o borrador de prego de condicións redactado por augas de Galicia e os aspectos a revisar no mesmo. Entre outros aspectos conclúese que se trataría dunha licitación por lotes, que é preferible a contratación separada da electricidade, e que sería necesaria unha ordenanza común para os concellos da Mancomunidad.

Finalmente acórdase iniciar os trámites para formalizar a colaboración con EMALCSA, cuxo orzamento se encontraría dentro dos límites dun contrato menor.

2. Lectura e aprobación se procede de actas das sesións anteriores.

Ao non encontrarse as actas redactas, aprázase este punto para unha seguinte sesión.

3. Dar conta das liñas fundamentais do orzamento de 2017.

Dase conta do documento Liñas Fundamentais do Orzamento 2017.

4. Participación na convocatoria pública dos premios Coopera Galicia Entidades Locais 2016.

O xerente informa sobre a *Orde do 23 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases*



reguladoras e a convocatoria pública dos premios Cooperera Galicia Entidades Locais 2016 para impulsar e difundir as iniciativas de asociacionismo municipal mediante a distinción pública dos proxectos piloto de xestión compartida de servizos promovidos por agrupacións de concellos, mancomunidades, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 174 do 13 de setembro de 2016) e propón concorrer a dita convocatoria presentando o proxecto de elaboración dun Plan Integral de Xestión de Residuos

5. Seguimento e impulso de servizos e proxectos.

Non se desenvolveu este asunto.

6. Rogos e preguntas

O alcalde de Narón propón estudar accións conxuntas en relación cao *Cortaderia Selloana* (Herba da Pampa), coñecendo antes o previsto pola Xunta neste aspecto, para o cal se agardaría á formación do goberno autonómico.

A alcaldesa de Mugardos pregunta pola posta en marcha do punto limpo de Vilar do Colo. O alcalde de Fene informa dos avances a este respecto.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezanove horas, de todo o que, como Secretario, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade



Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

O Secretario



Asdo: Leopoldo Moure García